



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE ROIS PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO DENTRO DA CAMPAÑA DE VERÁN 2016 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social en virtude do *Decreto 126/2015, do 4 de outubro*, do seu nomeamento e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

E doutra, Ramón Tojo Leis, alcalde-presidente do Concello de Rois, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que lle son recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

I. Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social correspóndenlle, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da mocidade na vida social; a coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; así mesmo, correspóndelle o fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.

II. Que o Concello de Rois, de conformidade co artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, pode asumir competencias na xestión das políticas en materia de xuventude como consecuencia do asinamentos de convenios, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración Local.



III.- Que entendendo a importancia de promover as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural, por medio dunha política descentralizada tendente a satisfacer as demandas xuvenís e no senso de mellorar a formación integral da mocidade galega, ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten potenciar os programas de actividades no ámbito da educación non formal como facilitadores da adquisición de competencias e valores por parte dos mozos e mozas participantes.

IV.- Que, nese ámbito, os campos de traballo son actividades incluídas dentro da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que teñen un claro compoñente de compromiso social e interese xeral encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, mediante a colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos, que revertern directamente na comunidade e entorno nos que se levan a cabo.

A través do programa Campos de traballo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado facilita que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo (ambiental, patrimonial, arqueolóxica, social, etc) traballos diversos, como labores de conservación ambiental (limpeza de maleza e recollida de lixo, prevención de incendios e rexeneración de áreas queimadas, acondicionamento de camiños...), protección da paisaxe tradicional (conservación de especies autóctonas), traballos de bioconstrución, recuperación de muíños e outros elementos da arquitectura popular, recuperación de roteiros (con labores de sinalización, limpeza, dinamización e fomento do turismo ambiental), identificación de flora e fauna, traballos de arqueoloxía (limpeza, escavación, debuxo arqueolóxico, singlado...) actividades de voluntariado social (con persoas discapacitadas, maiores...), etc; tarefas que sen dúbida teñen unha incidencia e beneficios directos no entorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

Os campos de traballo desenvólvense en localizacións específicas en función das súas características peculiares, que determinan a necesidade da actuación e que fan que un determinado ámbito deveña como exclusivo para a consecución de determinados fins.

Concorre, neste caso, un especial interese en emprazar en Rois un campo de traballo arqueolóxico en canto é sede do Castro de Socastro, que constitúe un singular xacemento que se amosa ideal para que os mozos e mozas participantes coñezan e esperten o seu interese sobre as posibilidades que ofrece este elemento patrimonial e o entorno no que se sitúa o campo. Cada nova sondaxe arqueolóxica no castro arroxa algo máis de luz sobre a súa historia e pervivencia, de aí o interese en poder continuar as intervencións arqueolóxicas realizadas en anos anteriores.



V.-Dada a concorrencia de intereses públicos coincidentes en actuar neste ámbito e no exercicio das súas competencias propias, a Consellería de Política Social e o Concello de Rois, acordan asinar o seguinte acordo marco de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira:

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Rois para a organización do campo de traballo “*Castro de Socastro*” de temática arqueolóxica, que se desenvolverá dende o 1 ata o 12 do mes de agosto, no concello de Rois, como único emprazamento para desenvolver as actividades obxecto deste campo, en atención as súas características, recursos e dotacións da zona.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO:

Datas campo: 1 a 12 de agosto

Idades: 18 a 30 anos

Ámbito: Internacional

Modalidade: arqueolóxica

Prazas: 20

ACTIVIDADE:

A intervención arqueolóxica que desenvolverán as persoas voluntarias no castro de Socastro consistirán, principalmente, nas tarefas de:

- Escavación
- Prácticas de limpeza
- Siglado e debuxo arqueolóxico.

Ademais das actividades principais sinaladas, organizaranse actividades complementarias, entre as que se inclúen:



- Achegamento á historia, cultura, costumes e festas de Galicia en xeral e do concello de Rois e limítrofes en particular.
- Rastrexo por Rois; unha forma para coñecer todos os recunchos do concello, así como para entrar en contacto coa veciñanza e cos turistas.
- Xornada multi-aventura: tiro con arco.
- Xornada de xogos populares.
- Rutas de sendeirismo polo concello de Rois.
- Obradoiros tradicionais, de aproximación á música e lingua galegas e de cerámica e barro de simboloxía castrexa.
- Xornada “Ti de onde es?”, onde os participantes contarán a través de disfraces, xogos, cancións ou sobremesas o máis característico da súa zona.
- Praia fluvial en Seira.
- Visita a Santiago de Compostela (catedral, zona histórica, Museo do Pobo Galego, Cidade da Cultura) ou ao castro de Baroña no concello de Porto do Son, declarado no 2011 ben de interese cultural pola Xunta de Galicia.
- Visita guiada á Casa-museo Rosalía de Castro e á Fundación Pública Galega Camilo José Cela.

Segunda:

Para o desenvolvemento do presente convenio a Consellería de Política Social achegará:

- A contía de 10.880 euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.05.313A.227.99 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2016, que será abonada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ao concello de Rois promotor do campo de traballo, unha vez finalizado este e logo da presentación da correspondente memoria xustificativa.
- O asesoramento da actividade.
- A reserva e adxudicación das prazas.
- A difusión das actividades obxecto deste convenio mediante a súa inclusión na programación da Campaña de Verán 2016.

Pola súa parte, **o concello** achegará:

- A contía de 5.655 euros.



- Encargarase, así mesmo, de contratar e de xestionar a execución do campo de traballo, que comprenderá:

1. A realización do programa de actividades descrito na cláusula primeira.
2. O aloxamento en réxime de pensión completa para os participantes.
3. O transporte necesario para a realización da actividade.
4. O persoal técnico sanitario necesario para o desenvolvemento da actividade.
5. O persoal e material necesario para o desenvolvemento das actividades previstas.

Terceira:

A adxudicación das prazas ofertadas nos campos de traballo será xestionada pola Consellería de Política Social a través da Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ao tratarse de actividades propias incluídas na Campaña de verán 2016.

Cuarta:

O Concello de Rois comprométese a desenvolver o campo de traballo conforme ás características descritas na cláusula primeira e a facer constar en toda a publicidade que xere este programa de actividades –tanto impresa como audiovisual- que estas se realizan en colaboración coa Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Quinta:

A prestación polo Concello de Rois das funcións asumidas ao abeiro deste convenio, fai necesario o seu acceso a datos de carácter persoal de cuxo tratamento a Consellería de Política Social é responsable conforme ao disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

En consecuencia, o Concello de Rois na súa condición de encargado do tratamento de tales datos, e de conformidade co establecido no artigo 12º da Lei orgánica citada, axustarase ao réxime que se establece a continuación: a) tratará os ditos datos de carácter persoal exclusivamente por conta da Consellería de Política Social e conforme ás instrucións desta e ao estipulado neste Convenio; b) non aplicará nin utilizará os referidos datos de carácter persoal con finalidade distinta da prestación das funcións obxecto do convenio nin tampouco os comunicará a terceiros, nin sequera para a súa conservación, salvo nos supostos autorizados ou previstos pola lexislación vixente; c) implementará as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, habida conta do estado da



tecnoloxía, a natureza dos datos obxecto de tratamento e os riscos a que estean expostos, xa proveñan estes da acción humana, do medio físico ou natural. Como mínimo, o Concello de Rois adoptará respecto de tales datos as medidas de seguridade que resulten esixibles de conformidade co establecido no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; d) unha vez cumprida a prestación do servizo mencionados, o Concello destruírá ou devolverá á Consellería de Política Social os datos tratados, así como tamén calquera soportes ou documentos nos que consten datos obxecto do tratamento, sen prexuízo da conservación polo Concello de tales datos, debidamente bloqueados e nos termos previstos no Real decreto 1720/2007, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa Consellería de Política Social.

Sexta:

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro do 2016.

Sétima:

Constitúese unha comisión de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento do presente convenio.

A dita comisión estará integrada por:

- A directora do Instituto da Xuventude de Galicia ou funcionario/a en quen delegue.
- O/a secretario/a do Concello de ou funcionario/a en quen delegue.

Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Servizo de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en A Coruña.

Oitava:

O presente convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que se puideran presentar.

Dado o carácter xurídico administrativo deste convenio, as cuestións litixiosas xurdidas serán resoltas pola conselleira de Política Social, poñendo fin á vía administrativa. Contra estes acordos non procederá recurso administrativo se fora interposto pola outra administración, aínda que potestativamente poderá dirixirse o requirimento previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, ou interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



O convenio será rexistrado de acordo co prescrito no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio axústase ao disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Novena:

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

As partes asinantes do convenio autorizan, así mesmo, que os seus datos persoais e as demais especificacións contidas neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por cuadriplicado exemplar no lugar e datas indicados.

Pola Consellería de Política Social
O conselleiro

Polo Concello de Rois
O alcalde

José Manuel Rey Varela

Ramón Tojo Leis